

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO GALEGO O 11 DE OUTUBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol da Deputación Provincial da Coruña da vía municipal do Concello do Pino que conecta o final da estrada provincial DP-6603 coa estrada nacional N-547.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, a que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e se dá traslado del ao Parlamento de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza eximir da obriga da presentación de garantías polo importe dos pagamentos anticipados e á conta, así como a autorización da superación do límite indicado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Secretaría Xeral de Universidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en relación coa concesión, en réxime de concorrencia competitiva, da acreditación da excelencia (científica, técnica ou artística) e das axudas para a estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, susceptibles de ser cofinanciadas no marco do Programa de Galicia Feder 2021-2027, por un importe total de trinta e oito millóns cincocentos cincuenta mil euros (38.550.000€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura e o establecemento de pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, en relación co Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa, para o financiamento dos gastos derivados da execución do Programa de atención á autonomía de persoas con discapacidade, na casa Nuestra Señora de Fátima y Cristo Rey, de Crecente, no exercicio 2023. Importe total: douscentos trece mil trescentos noventa e un euros (213.391,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa para o financiamento dos gastos derivados da execución do Programa de promoción da autonomía e rehabilitación das capacidades dirixido a mulleres con discapacidade intelectual, na Casa Santa María de la Esperanza de Mos, no exercicio 2023, e o establecemento de pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia. Importe: cento setenta e catro mil trinta e catro euros (174.034,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura e o establecemento de pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, en relación co Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Orden Hospitalaria de San Juan de Dios para o financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto Plan Avanzamos-2, de promoción da autonomía persoal destinado ás persoas con discapacidade intelectual no Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para o exercicio 2023.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de decreto polo que se regula o Programa galego para a detección precoz de enfermidades xenéticas, endócrinas e metabólicas en período neonatal e se crea o comité asesor do programa, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 80 %, derivado do convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación de Mulleres do Rural da provincia de Lugo (AFAMMER) para o desenvolvemento de actuacións en execución do Plan Corresponsables, no ano 2023, por importe de corenta mil euros (40.000,00€).
- Acordo polo que se toma razón dos programas de colaboración coas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia no ámbito da promoción da Igualdade e loita contra a violencia de xénero, fomento do emprendemento e das relacións laborais.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón das actuacións da Consellería do Medio Rural para accións silvícolas cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Rubiá para o proxecto senlleiro de escavación e reposición dun pequeno treito da Vía Nova no lugar da Ruferta ao seu paso pola na Serra da Enciña da Lastra, dentro da categoría de "promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca", por importe total de corenta mil trinta e cinco euros con vinte e sete céntimos (40.035,27 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre o seguimento do Pacto social pola vivenda 2021-2025.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a proposta de Resolución do Instituto Galego de Promoción Económica (Igapé), que aproba as bases reguladoras da subvención de xuros de préstamos directos concedidos polo Igapé, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 en réxime de concorrencia non competitiva.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Informe relativo ao acordo sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as actuacións do Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe relativo aos resultados principais da 45º Reunión Anual da Organización de Pescarías do Atlántico Noroeste (NAFO), celebrada en Vigo nas datas do 18 ao 22 de setembro de 2023.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DA VÍA LOCAL QUE CONECTA O FINAL DA ESTRADA PROVINCIAL DP-6603 COA N-547 NO CONCELLO DO PINO

- Transfírense á entidade provincial un treito de 2,891 km, prolongación da DP-6603, desde o límite entre os municipios de Touro e O Pino, ata unir coa vía estatal
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade, a entidade provincial terá a competencia para actuar neste treito e asumirá a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol da Deputación Provincial da Coruña da vía local do concello do Pino que conecta o final da estrada provincial DP-6603 coa estrada nacional N-547.

O Concello do Pino solicitou á entidade provincial a aceptación da transmisión da vía municipal entre a estrada provincial DP-6603 e a estrada nacional N-547. O Pleno da corporación provincial aceptou o cambio de titularidade proposto.

Vistos os informes emitidos polos servizos competentes, a Axencia Galega de Infraestruturas formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade do treito, de 2,891 quilómetros de lonxitude, que se corresponde coa prolongación da DP-6603, desde o límite entre os concellos de Touro e O Pino, ata conectar coa estrada estatal N-547.

A transferencia a prol da Deputación Provincial da Coruña tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.


Co cambio de titularidade, a entidade provincial terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito da vía municipal obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA UN LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO PARA 2024 DE 13.257 MILLÓNS DE EUROS

- Salienta que “é o teito de gasto máis alto da historia da comunidade”, un 5% superior ao orzamento deste exercicio
- Lamenta a falta de información do Goberno central sobre as entregas a conta ou o obxectivo de estabilidade orzamentaria, pero aposta por fixar xa este límite para que “Galicia poida seguir funcionando”
- O conselleiro de Facenda e Administración Pública asegura, que deste xeito, Galicia aprobará os seus orzamentos “en tempo e forma”
- Corgos resalta que será a primeira vez en 16 anos “que nos orzamentos non haxa que recorrer a novo endebedamento”
- Actualízase á alza a previsión de crecemento para este ano co que Galicia medrará un 1,8%, unha décima máis do previsto nos orzamentos vixentes

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello aprobou hoxe o límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma para o exercicio 2024, que ascende a 13.257 millóns de euros, un 5% máis que o orzamento do presente exercicio. “É dicir, aprobamos un ano máis o teito de gasto máis alto da historia”, resaltou.

Rueda lembrou que a Conta Xeral de 2022 revela que a Xunta “fixo ben os deberes” na xestión dos recursos de todos os galegos “cumprindo o obxectivo de déficit e débeda sen renunciar a ofrecer servizos de calidade”. Pola súa banda, o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, asegurou que o obxectivo do Goberno galego é “dar certezas á cidadanía e ás empresas” neste contexto económico.

Por iso, Rueda explicou que a Xunta agardou o máximo posible polos datos que lle debe proporcionar o Goberno central como son as entregas a conta e o obxectivo de estabilidade orzamentaria, pero non pode agardar máis para poder aprobar os orzamentos da comunidade cara 2024 en tempo e forma. “Galicia precisa seguir funcionando”, subliñou o presidente.

Un ano máis, a Xunta cumpriu co establecido na lei galega de disciplina orzamentaria de 2011 e aprobou o teito de gasto non financeiro, que agora será remitido ao Parlamento para o seu debate e posterior autorización. Este límite establece o máximo gasto que se pode acadar no proxecto de Lei de orzamentos xerais de Galicia.

Este teito está conformado por 13.326 millóns de euros de recursos non financeiros (recursos do sistema de financiamento, fondos finalistas e outros recursos non financeiros). Dentro deles, a partida máis importante é a dos ingresos procedentes do

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sistema de financiamento autonómico, que ascende a 10.206 millóns de euros, un 8,6% máis respecto do importe para 2023.

Pola súa banda, en canto aos ingresos finalistas, a previsión é que se incrementen nun 16,6%, ata os 1.693M€, e o apartado doutros recursos non financeiros ascende a 919 millóns. En canto aos recursos extraordinarios, para 2024 o montante do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia volve superar os 500 M€ por segundo ano consecutivo e chega aos 508 M€.

En total, apróbase un teito de gasto non financeiro de 13.257 millóns de euros que está composto por 13.326M€ de ingresos non financeiros cun axuste negativo de contabilidade nacional de 69 millóns de euros. Ademais, tal e como salientou Corgos, "o orzamento de 2024 será o primeiro en 16 anos nos que no será necesario recorrer ao endebedamento".

Cadro macroeconómico

Ademais da aprobación do teito de gasto, a Xunta "actualizou á alza pero con prudencia as previsións económicas para o peche de 2023", indicou Rueda.

En canto ao crecemento da economía galega, o Goberno autonómico prevé un avance do 1,8% no 2023, unha décima máis do previsto nos orzamentos vixentes. En canto á taxa de paro, para este 2023, a Xunta prevé que a media do ano se sitúe por primeira vez desde hai 15 anos por debaixo do 10%, en concreto no 9,8%.

E, para 2024, seguirase a consolidar o crecemento económico, cunha taxa estimada no entorno do 2%, e a taxa de desemprego seguirá baixando, en concreto outras catro décimas, ata o 9,4%.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA A SUBA NUN 55 % DA PARTIDA DA XUNTA PARA OS CENTROS DE INVESTIGACIÓN MÁIS EXCELENTES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA ATA ACADAR OS 38,5 M€

- Esta nova inxección permitiralles gozar de estabilidade económica para desenvolver a súa actividade durante catro anos máis
- Os centros que obteñan a acreditación formarán parte da Rede CIGUS e ábrese unha nova categoría para novos centros que aspiran a formar parte desta
- Por primeira vez establécese un procedemento de avaliación externa da excelencia científica, técnica ou artística, o que permitirá obter una foto completa da calidade da investigación universitaria en Galicia

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, salientou hoxe a suba nun 55 % da partida da Xunta para os centros de investigación máis excelentes do sistema universitario de Galicia ata acadar os 38,5 millóns de euros.

O mandatario galego deu conta da aprobación por parte do Consello da Xunta dunha nova convocatoria da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o apoio aos centros de investigación máis excelentes das universidades galegas, que forman parte da Rede de centros de investigación universitaria de Galicia (CIGUS).

“Aumentamos sensiblemente as partidas”, valorou Rueda, quen precisou que a contía anual a recibir pasa dos 6,8 millóns de euros ao ano da convocatoria anterior e vixente ata o de agora, ata os máis de 10,5 millóns de euros anuais da nova que rexerá entre 2024 e 2027. Así pois, esta nova inxección consolida un investimento de case 80 millóns de euros da Xunta de Galicia para os centros de investigación máis excelentes do sistema.

Rueda explicou que na actualidade son oito os espazos que conforman a Rede de Centros de Investigación Universitaria de Galicia (CIGUS) nos que traballan 1.300 científicos.

En concreto, son na Universidade de Santiago de Compostela, o Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS), o Centro de Investigación en Medicina Molecular (CIMUS), o Centro de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS) e o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE); na de Vigo, o Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicacións (AtlantTic), o Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) e o Centro de Investigacións Mariñas (CIM), e na da

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Coruña, o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicaci3ns (CITIC).

Segundo precisou, son os que teñen acreditada a m3xima excelencia e reciben cada ano estas as axudas e ata agora houbo d3as posibilidades de obter esta acreditaci3n: en 2016 e 2019.

Nova categor3a de centros

O presidente da Xunta explicou que a principal novidade desta convocatoria 3 que se crea unha nova categor3a de centros: os que obteñan m3is de 150 puntos ser3n os de maior excelencia e formar3n parte da Rede de CIGUS. Acceder3n a axudas de entre 400.000 euros e 1 mill3ns de euros ao ano.

E tam3n se vai crear a categor3a de Centro de Investigaci3n Colaborativo. Ser3n os que acaden entre 120 e 149 puntos, 3 dicir, que a3nda que non obteñen a acreditaci3n de excelencia, est3n camiño de conseguilo. Neste caso as achegas ser3n de entre 100.000 e 200.000 euros por ano.

Esta nova convocatoria de acreditaci3n da excelencia (cient3fica, t3cnica ou art3stica) e as axudas para a estrutura, mellora e apoio aos centros de investigaci3n aprobada hoxe tam3n abre a porta ao financiamento de novos centros que camiñen cara a excelencia, malia que a3nda non formen parte da Rede CIGUS, pero que aspiran a facelo.

As3 mesmo, establ3cese por primeira vez un procedemento de avaliaci3n externa da excelencia cient3fica-t3cnica-art3stica para todos os centros de investigaci3n do SUG que cumpran os requisitos m3nimos establecidos na convocatoria. Isto permitir3, ademais, obter una foto completa da calidade da investigaci3n universitaria en Galicia.

Acreditaci3n de excelencia

O obxectivo desta convocatoria 3 dobre. Por unha banda, acreditar en excelencia aos centros de investigaci3n universitaria, segundo as s3as capacidades; por outra, contribuir ao financiamento e 3 execuci3n dos seus proxectos estrat3xicos no per3odo 2023-2027.

Poder3n presentarse 3 acreditaci3n os centros de Investigaci3n que obtivesen financiamento na convocatoria previa do ano 2019 e tivesen superado o procedemento de avaliaci3n final; os que obtivesen unha axuda no programa estatal de Centros Severo Ochoa ou Mar3a de Maeztu e outros que cumpran os requisitos m3nimos de acceso

COMUNICACI3N DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

referidos á súa gobernanza, estrutura, financiamento, calidade científica e transferencia de resultados establecidos na convocatoria.

A acreditación da excelencia dos centros realizarase a partir das valoracións feitas por un comité externo con base en tres grandes dimensións: Organización e goberno (estratexia, gobernanza e estrutura organizativa, xestión do talento, financiamento e infraestrutura), Calidade da investigación (proxectos, produción científica, colaboración interna, recoñecementos, transferencia e internacionalización) e Relevancia para a sociedade (investigación e innovación responsable, servizos e comunicación).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 565.000 EUROS A TRES CONVENIOS CON ENTIDADES QUE TRABALLAN NA ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE INTELECTUAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A través destes acordos fináncianse programas para a promoción da autonomía persoal e a mellora da calidade de vida nas residencia Nuestra Señora de Fátima y Cristo Rey (Crecente), Casa Santa María da Esperanza (Mos) e Fogar e Clínica San Rafael (Vigo)

O Consello da Xunta aprobou hoxe tres convenios de colaboración para este ano 2023 entre a Consellería de Política Social e Xuventude con entidades que traballan na atención ás persoas con discapacidade intelectual na provincia de Pontevedra. O montante destes acordos suman 565.000 euros e teñen como obxectivo promover a autonomía persoal e mellorar a calidade de vida destas persoas.

Dous destes convenios asinaranse coa *Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa*, entidade que xestiona as residencias Nuestra Señora de Fátima y Cristo Rey (Crecente) e Casa Santa María da Esperanza (Mos). Así, ao centro de Crecente destínanse máis de 213.300 euros para o financiamento de programas de atención psicoterapéutica e sociosanitaria, e para a residencia que ten esta mesma entidade en Mos consígnanse 174.000 euros para levar a cabo actividades orientadas á rehabilitación das capacidades físicas e psíquicas dos usuarios.

O terceiro dos convenios aos que o Consello deu luz verde é para sufragar os programas de atención integral que se desenvolven no Fogar e Clínica San Rafael (Vigo), que xestiona a *Orde Hospitalaria de San Juan de Dios*. Neste caso, a contía é de máis de 177.500 euros e con ela financiaranse actividades de recuperación de capacidades, obradoiros de novas tecnoloxías, propostas de ocio seguro e actividades de prevención.

A Xunta destina este ano a atención á discapacidade máis de 165 millóns de euros, un 16 % máis que no exercicio anterior. Este reforzo económico permite seguir incrementando o número de prazas públicas de atención diúrna e residencial ata chegar hoxe ás 5.600, un 30 % máis que en 2009. Tamén fai posible aumentar as axudas ás entidades do sector para impulsar os seus programas, para a renovación dos seus vehículos adaptados ou para a mellora dos seus centros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REMITE AO CONSELLO CONSULTIVO O PRIMEIRO DECRETO REGULADOR DO PROGRAMA GALEGO DE CRIBADO NEONATAL

- A creación do comité asesor do programa permitirá estudar a posibilidade de incorporar novas enfermidades para cribar e definir as liñas de investigación prioritarias
- No pasado ano, a Xunta introduciu dúas grandes melloras neste programa, a instrución reguladora que homoxeneizou e mellorou a loxística de toma de mostras, recollida e transporte ata o laboratorio; e, por outra, a decisión de incorporar tres novas metabolopatías a este
- A través deste programa identificouse un segundo caso de atrofia medular espiñal na área sanitaria de Vigo; o departamento sanitario galego xa procedeu a administrar o tratamento correspondente de terapia xénica, cuxo custo alcanza os 1,3 millóns de euros, e o bebé está respondendo moi favorablemente, ao igual que no primeiro caso detectado

O Consello da Xunta aprobou o proxecto de decreto polo que se regula o Programa galego para a detección precoz de enfermidades xenéticas, endócrinas e metabólicas en período neonatal, que realiza a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, e se crea o comité asesor do programa, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

A creación do comité asesor permitirá, por unha banda, estudar a posibilidade de incorporar novas enfermidades para cribar na carteira de servizos do programa, sempre sustentada na evidencia científica dispoñible sobre os beneficios en saúde, e por outra, definir as liñas de investigación prioritarias neste campo.

Dado o gran impacto que a detección precoz dos erros innatos do metabolismo e outras enfermidades conxénitas teñen sobre a saúde do neonato, pola posibilidade de establecer medidas terapéuticas temperás, evitando así mortalidade, morbilidade e grandes discapacidades, este proxecto de decreto hoxe aprobado garante a accesibilidade e a equidade no acceso ao devandito servizo, con independencia da titularidade do hospital, supoñendo, ademais, unha garantía adicional para a cidadanía.

Igualmente, coas funcións do comité asesor, garántese a continua actualización con base na evidencia científica. Tamén, posibilita dispoñer dun sistema de información e rexistro dos datos que permitan unha avaliación, control e seguimento do programa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Procedemento

O cribado ofértase a toda persoa neonata nacida en Galicia, independentemente do lugar de nacemento, centro sanitario público ou privado ou noutro lugar. Neste último caso, ofrecerase no centro sanitario que primeiro teña coñecemento dese nacemento. O obxectivo do cribado é a detección precoz das enfermidades xenéticas, endócrinas e metabólicas, para ofrecer recursos sanitarios á persoa neonata e evitar mortalidade, comorbilidade, discapacidades.

As enfermidades para cribar son as recollidas na carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde. Así mesmo, ofértase o cribado doutras enfermidades a maiores. Esta oferta poderá modificarse a proposta do Comité Asesor do Programa, e tras unha valoración e xustificación baseada na evidencia científica.

Con carácter previo ao cribado, prestarase información oral ou escrita ás persoas proxenitoras ou ás representantes legais da persoa neonata sobre as principais características, beneficios e riscos do cribado neonatal, así como as consecuencias da súa non realización, ademais de información de como e cando recibirán o resultado das probas realizadas. Ademais, prevese a existencia do consentimento informado por escrito para a realización da proba de cribado.

As mostras, unha vez tomadas, remitiranse ao laboratorio de referencia, o de Metabolopatías do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. Se o resultado da análise é negativo, comunicarase ás persoas proxenitoras/representantes legais.

De resultar positivo, indicativo de sospeita de enfermidade, comunicarase ás persoas proxenitoras/representantes legais e á unidade de diagnóstico e seguimento do programa no centro sanitario máis axeitado, con derivación da persoa neonata con carácter inmediato para confirmar o diagnóstico e, se procede, iniciar o tratamento o máis temperán posible.

As mostras poderanse conservar para futuras investigacións de interese para a saúde pública, caso en que será necesario requirir o consentimento.

Melloras no programa e detección dun segundo caso de AME

Cómpre remarcar que, no pasado ano, a Xunta introduciu dúas grandes melloras neste programa de cribado neonatal. Por un lado, unha instrución reguladora que homoxeneizou e mellorou a loxística de toma de mostras, recollida e transporte ata o Laboratorio galego de metabolopatías; e, por outra, a decisión de incorporar tres novas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

metabolopatías a este, a atrofia medular espiñal, a inmunodeficiencia combinada grave e a hiperplasia suprarrenal conxénita. A inclusión destas patoloxías supuxo un investimento de 250.000 euros para o equipamento de laboratorio e comezou materializarse no pasado mes de marzo.

Con respecto a isto cómpre sinalar que, a través deste programa, se identificou un segundo caso de atrofia medular espiñal na área sanitaria de Vigo. O departamento sanitario galego xa procedeu a administrar o tratamento correspondente de terapia xénica, cuxo custo alcanza os 1,3 millóns de euros. O bebé está respondendo moi favorablemente, ao igual que no primeiro caso detectado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FORMARÁ MULLERES RURAIS NA PROVINCIA DE LUGO PARA QUE POIDAN ACREDITAR PROFESIONALMENTE A SÚA EXPERIENCIA NO COIDADADO DE MENORES DE 16 ANOS

- O Goberno galego asinará por primeira vez un convenio con Afammer tras renovar os acordos con Femuro, Fademur e Femupo co gallo de actualizar o censo de mulleres rurais, en especial maiores de 45 anos, con experiencia neste eido
- A Xunta de Galicia destina en total 340.000 euros a esta colaboración encadrada no desenvolvemento en Galicia das accións do Plan Corresponsables, con que se prevé beneficiar preto de 1.500 mulleres en toda a Comunidade
- A iniciativa forma parte das actuacións que está a levar a cabo a Administración autonómica para facilitar a conciliación e a corresponsabilidade, un campo ao que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destina este ano case 17 M€

A Xunta de Galicia colaborará por primeira vez coa Federación de mulleres do rural da provincia de Lugo (Afammer) para impulsar a acreditación profesional da experiencia laboral de mulleres rurais no coidado de menores de ata 16 anos. Este convenio sucede aos asinados co mesmo propósito -por segundo ano consecutivo- coa Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (Femuro), a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur) e a Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (Femupo).

En total, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destina 340.000 euros a estas colaboracións coa previsión de beneficiar preto de 1.500 mulleres en toda a Comunidade, 250 delas na provincia de Lugo, de cara a conseguir a futura acreditación profesional da súa experiencia laboral e favorecer a súa empregabilidade no eido dos coidados de menores de ata 16 anos, inclusive.

Galicia agarda que o Estado oficialice canto antes a acreditación da experiencia para que todas estas persoas poidan acceder aos postos de traballo das bolsas de coidado previstas no marco do Plan Corresponsables que o Goberno central desenvolve coa colaboración das comunidades autónomas, dando cobertura aos postos de traballo necesarios para atender servizos de coidado profesional para facilitar a conciliación e a corresponsabilidade das familias.

Con estes convenios a Xunta busca dar acceso ás mulleres rurais ás bolsas de coidado de servizos profesionais, contribuíndo a xerar emprego nun sector con forte demanda. A través da iniciativa, Afammer comprometerase a manter actualizado un censo das

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mulleres preferentemente do rural susceptibles de obter esta acreditación na provincia de Lugo.

Desenvolveranse, ademais, plans de sensibilización e formación en corresponsabilidade, levaranse a cabo accións de difusión e información, editarase material didáctico, e asesoraranse e formaranse con perspectiva de xénero as persoas con experiencia laboral formal ou non formal na materia. Prestarase especial atención ás mulleres maiores de 45 anos residentes no rural e que se teñan dedicado ao coidado de menores. Nesa liña, a federación poderá crear bolsas propias de coidados, atendidas por profesionais deste eido con garantía de todos os seus dereitos laborais.

O ano pasado formáronse a través desta iniciativa a que se suma agora Afammer un total de 679 persoas en temas como competencias brandas, demandadas polo mercado laboral, primeiros auxilios ou competencias dixitais.

A sinatura destes convenios de colaboración forma parte das medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia para a promoción da igualdade, especialmente as conducentes a facilitar a conciliación da vida familiar, laboral e persoal e a corresponsabilidade; unhas actuacións ás cales se destinan este ano, soamente a través da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, case 17 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 300.000 EUROS A COLABORACIÓNS COAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS NO EIDO DA IGUALDADE, O EMPRENDIMENTO E A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL

- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade informou no Consello da Xunta da formalización desta colaboración, que supón 100.000 euros para cada entidade
- O Goberno galego impulsará 10 estudos acerca da repartición e distribución de tarefas nos fogares e máis de 40 accións formativas e de sensibilización contra a violencia de xénero no eido académico
- Prevese que se poidan desenvolver uns 100 proxectos de emprendemento e que se beneficien máis de 500 persoas das actuacións divulgativas nesta materia
- Impulsarase formación en áreas de interese estratéxico nas empresas sobre responsabilidade social empresarial

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade está a reforzar este ano a colaboración coas tres universidades públicas galegas -Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo- mediante a formalización dun total de 10 convenios que permitirán seguir a traballar no fomento da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, o impulso ao emprendemento e á formación en materia de responsabilidade social empresarial (RSE). Este departamento autonómico destina en 2023 un total de 300.000 euros (100.000 por universidade) a esta colaboración que considera fundamental para que as políticas públicas en materia de emprego e igualdade resulten máis efectivas e impliquen a mocidade.

En materia de promoción da Igualdade, a Xunta está a desenvolver, xunto coas universidades, o estudo novidoso e exhaustivo sobre conciliación e corresponsabilidade en Galicia, con datos sobre repartición dos tempos e de distribución de tarefas domésticas e dos coidados entre mulleres e homes, así como da percepción social existente ao respecto. Froito da colaboración elaboraranse ata 10 accións de estudo e difusión co foco posto nestas temáticas.

A Xunta de Galicia referenda este ano a colaboración coas universidades para desenvolver accións enmarcadas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Estímase acadar este ano as 40 accións formativas e de sensibilización, premios a traballos académicos con perspectiva de xénero, campañas de difusión, xornadas, obradoiros, charlas etc.

En materia de emprendemento e captación do talento, a Consellería de Promoción do Emprego desenvolve este 2023, por primeira vez, en colaboración cos tres entes académicos, actividades para a promoción do espírito innovador e emprendedor do estudantado. Como resultado destas agárdase poder crear na comunidade preto de 100

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

novos proxectos de emprendemento e que máis de 500 persoas se poidan beneficiar desta aposta formativa novidosa.

En materia de responsabilidade social corporativa, promóvense cursos de formación nun campo de interese estratéxico nas empresas, con formación nas novas obrigas de información empresarial sobre sustentabilidade e responsabilidade social empresarial. Máis de medio cento de persoas resultarán beneficiarias dunhas medidas que poñerán o foco nas actualizacións normativas e nas novas tendencias nesta materia.

A colaboración entre a Xunta e as universidades garante que as políticas teñan o apoio de investigacións académicas rigorosas, o que axuda na toma de decisións máis informadas e efectivas. Esta sinerxía permite, ademais, que a mocidade participe activamente nas iniciativas e reforce o seu papel como axente de cambio.

A Xunta de Galicia seguirá a avogar pola coordinación co ámbito académico, que enriquece e robustece o deseño e a implementación de políticas públicas, favorecendo o benestar xeral da sociedade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 10 M€ EN AXUDAS PARA REALIZAR ACCIÓNS SILVÍCOLAS EN CERCA DE 4.600 HECTÁREAS DE CONÍFERAS E FRONDOSAS CADUCIFOLIAS DOS MONTES GALEGOS

- Ante a boa acollida, estas achegas aumentaron o seu orzamento para poder resolver todas as solicitudes que cumprían cos requisitos, cun total de 369 beneficiarios
- Están cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, cunha achega do 75 %, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dun 7,5 % e da Xunta de Galicia do 17,5 %
- No período 2016-2022, a Xunta concedeu algo máis de 77 millóns de euros a uns 3.000 beneficiarios, que puideron realizar tratamentos silvícolas en 42.307 hectáreas de terreos forestais

O Consello da Xunta acordou hoxe destinar máis de 10 millóns de euros en axudas, a un total de 369 beneficiarios, para realizar accións silvícolas en preto de 4.600 hectáreas de coníferas e frondosas caducifolias. Este orzamento enmárcase nas axudas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios forestais, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais que se convocaron en xaneiro deste ano. Estas achegas tiñan inicialmente un orzamento de case 9,5 millóns de euros, aumentado posteriormente ata os 10.087.999 euros ante a boa acollida e para resolver todas as solicitudes que cumprían cos requisitos da orde.

Son beneficiarios desta liña de axudas todas aquelas persoas físicas ou xurídicas titulares dos terreos obxecto da axuda, maioritariamente comunidades de montes veciñais en man común, pero tamén asociacións de propietarios particulares ou cooperativas agrarias. Cabe sinalar que estas achegas están cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, cunha achega Feader do 75 %, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dun 7,5 % e da Xunta de Galicia do 17,5 %.

Trátase dun orzamento bianualizado, xa que así se asegura unha necesaria continuidade na actividade das empresas do sector forestal e do emprego que xeran, como un elemento clave de dinamización do rural galego. Así, esta concesión de axudas públicas reforza o compromiso da Consellería do Medio Rural e do Goberno galego coas políticas de emprego activo no sector forestal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cabe sinalar que no período 2016-2022 a Xunta concedeu algo máis de 77 millóns de euros a uns 3.000 beneficiarios, que puideron realizar tratamentos silvícolas en 42.307 hectáreas de terreos forestais. A estes datos hai que engadir os resultantes da convocatoria de 2023, para realizar accións silvícolas en 4.577 hectáreas de terreos forestais. Así, no período 2016-2023 temos uns importes acumulados de axudas aprobadas para accións silvícolas de máis de 87 M€, con máis de 3.370 beneficiarios. Un investimento que é unha mostra máis da aposta da Consellería do Medio Rural pola silvicultura activa, adaptativa e de proximidade.

Dúas liñas de axudas

Para acadar o seu obxectivo esta orde establece dúas liñas de axudas, unha dedicada aos tratamentos silvícolas como as rozas, desmestas, rareos e podas -co fin de crear discontinuidades no terreo- e outra para os tratamentos silvícolas e plantacións puntuais de determinadas árbores, directamente vencelladas ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques que non teñan carácter produtivo.

Cabe sinalar que esta iniciativa está aliñada coa primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040: "Cara á neutralidade carbónica", que se estrutura en distintos eixos estratéxicos de intervención para o deseño e execución da política forestal galega.

Así, estas axudas enmárcanse no recollido neste Plan, especialmente no fomento dunha nova arquitectura verde a prol da sustentabilidade, de prevención, de multifuncionalidade e da posta en valor dos montes co fin de que constitúan a cerna dun sector forestal que se consolide como unha actividade rural identificativa de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA ALGO MÁIS DE 40.000 EUROS PARA A REHABILITACIÓN DUN TREITO DA VÍA NOVA AO SEU PASO POLA ENCIÑA DA LASTRA, NO MARCO DUN PROXECTO SENLLEIRO NO CONCELLO DE RUBIÁ

- Recuperarase un tramo duns 25 metros de longo no paraxe da Ruferta, dentro da categoría de promoción e posta en valor do territorio
- Para levalo a cabo é necesario realizar unha escavación arqueolóxica e a realización de diferentes obras de acondicionamento
- Este tipo de iniciativas realízase sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, ben sexa pola súa capacidade para contribuír á conservación da mellora da calidade de vida da poboación e as súa fixación na dita área rural

O Consello da Xunta aprobou o acordo polo que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural destinará algo máis de 40 mil euros no marco dun convenio co Concello de Rubiá para a escavación e reposición dun pequeno treito da Vía Nova, no lugar da Ruferta, ao seu paso pola Serra da Enciña da Lastra.

As actuacións propostas van encamiñadas á recuperación dun pequeno tramo de 25 metros de longo da vía romana conservado no lugar do Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra, sendo necesario unha escavación arqueolóxica e a realización de diversas obras de rehabilitación e acondicionamento. O orzamento será de algo máis de 40.000 euros dividido en dúas anualidades para 2023 e 2024, o que garantirá unha continuidade no proxecto.

Esta acción levarase a cabo baixo a denominación de Proxecto Senlleiro, un tipo de actuacións que se levan a cabo sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, ben sexa pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: a mellora da calidade de vida da poboación e fixala na área rural en que se atopa o proxecto.

A actuación proposta polo Concello de Rubiá enmárcase dentro dunha das categorías exixidas por Agader para poder levar a cabo este tipo de proxectos, máis concretamente dentro da de promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca. Neste sentido, encádranse actuacións como rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, ou por teren un marcado significado histórico para a comarca en que se sitúan, por pertencer a correntes artísticas recoñecidas, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características tradicionais, priorizando o seu uso adicional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cabe sinalar a importancia deste tipo de iniciativas para dinamizar o rural galego e para mellorar a calidade de vida dos seus habitantes, neste caso, rehabilitando lugares naturais como este. Estas accións son un exemplo máis do compromiso da Xunta co agro galego, que se manifesta a través do traballo que realiza a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural no eido das infraestruturas sociais e culturais, entre outras.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PUXO EN MARCHA 40 DAS 45 MEDIDAS PREVISTAS NO PACTO SOCIAL POLA VIVENDA, CON AXUDAS CONCEDIDAS POR 162 M€ E DO QUE XA SE BENEFICIA O 93% DOS CONCELLOS

- O Consello toma razón do informe de seguimento correspondente ao período 2021-2022, durante o que se concederon axudas para alugar ou comprar casa a 9.250 familias galegas e se facilitou o acceso a unha vivenda protexida a outras 2.400
- No eido da rehabilitación impulsouse a recuperación de case 20.300 vivendas a través de incentivos directos e da transferencia de fondos aos concellos para o mesmo fin, ademais de continuar co programa Rexurbe traballando nos máis de 90 edificios adquiridos para obter unhas 164 vivendas destinadas a alugueiro social
- Entre outras medidas impulsadas tamén neste período cómpre destacar a posta en marcha do simulador de axudas á rehabilitación *NextCal* ou avances normativos como a substitución da licenza de primeira ocupación por unha comunicación previa

A Xunta puxo en marcha xa 40 das 45 medidas previstas no marco do Pacto social pola vivenda 2021-2025, que nos seus 2 primeiros anos de vixencia logrou chegar e beneficiar ao 93% dos concellos galegos. Estes datos evidencian o bo ritmo de execución deste paquete de actuacións, impulsado a comezos de 2021 polo Goberno autonómico para servir de folla de ruta na planificación das políticas públicas do eido residencial.

De feito, cómpre lembrar que este foi o primeiro pacto en Galicia en materia de vivenda consensuado con todos os axentes implicados no sector: colexios profesionais de arquitectos e arquitectos técnicos, promotores, construtores, cooperativas, Federación galega de municipios e provincias, axentes inmobiliarios, administradores de fincas e consumidores e usuarios.

O Consello tomou razón esta mañá do segundo informe de seguimento do Pacto, elaborado pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e no que se analizan as accións executadas entre 2021 e 2022 en cada 1 das 4 grandes liñas estratéxicas ao redor das que se organiza o documento: acceso á vivenda, rehabilitación, solo residencial e outras medidas.

En concreto e comezando polo primeiro eixo, cómpre subliñar que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) concedeu axudas directas para facilitar o alugueiro ou a adquisición do seu fogar a un total de 9.250 familias, prestando unha atención especial aos colectivos en risco de exclusión residencial con medidas especificamente pensadas para eles, como o Bono de alugueiro social e o Bono para vítimas de violencia de xénero.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, o organismo autonómico tamén fixo posible que accederan a unha vivenda protexida –tanto de promoción pública como privada– outras 2.400 persoas a través da adxudicación en réxime de alugamento de inmobles pertencentes ao parque público residencial da Xunta, dos visados concedidos a contratos de vivendas de protección autonómica e das vivendas públicas cedidas a través do novo programa de atención a persoas sen fogar, en colaboración coa Consellería de Política Social e Xuventude.

De igual xeito, no marco do eixo estratéxico de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, o informe cifra en case 20.300 as vivendas que xa se recuperaron ou se van recuperar no conxunto de Galicia grazas ás medidas impulsadas polo IGVS neste eido.

Así, cómpre subliñar as 2.917 axudas concedidas neste período a particulares e comunidades de veciños para intervir sobre 13.524 inmobles residenciais da súa propiedade; as 91 vivendas destinadas a alugueiro social rehabilitadas polos concellos no marco do programa de mestres; ou as 834 localizadas na Área de rehabilitación integral supramunicipal do Camiño de Santiago e na da Ribeira Sacra, que se renovarán grazas aos incentivos económicos convocados polo IGVS en 2021 e 2022.

Hai que destacar tamén nesta liña a transferencia de fondos ás entidades locais para impulsar actuacións de restauración a medio prazo en determinados ámbitos dos seus municipios a través dos convenios para desenvolver o novo programa a nivel de barrio (financiado con fondos europeos) e os das Áreas de rehabilitación integral (ARI). En total, estímase que grazas aos acordos asinados con medio cento de concellos neste período se facilitará a rehabilitación de 5.843 vivendas en toda a Comunidade.

No eixo da rehabilitación, por último, cómpre subliñar tamén os avances no programa Rexurbe, impulsado polo IGVS en 2018 co fin de adquirir solares e inmobles en desuso en centros históricos para recuperalos e destinar as vivendas resultantes a alugueiro social. Así, no marco das convocatorias de 2021 e 2022 compráronse 19 edificios máis e son xa 94 os inmobles no que se está traballando para obter ao redor de 164 vivendas.

En resumo e só durante os 2 primeiros anos de vixencia do Pacto, o Goberno galego destinou máis de 162 millóns de euros de fondos públicos ás diferentes liñas de axudas e de préstamos convocadas para apoiar a cidadáns, comunidades de propietarios e entidades locais no acceso ou na rehabilitación de vivendas.

Eixo de solo residencial, ao 100%

No que respecta ao terceiro eixo, reservado ás políticas de solo residencial, está xa en execución ao 100%, destacando os concursos para poñer á disposición de promotores privados toda a superficie propiedade da Xunta con capacidade para albergar novas promocións, ademais do impulso á urbanización e desenvolvemento das dúas grandes

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

bolsas de solo residencial de Galicia: San Paio de Navia, en Vigo, e o parque Ofimático, na Coruña, nas que se prevé construír 1.600 e 1.100 vivendas protexidas, respectivamente.

Por último, a cuarta liña estratéxica do Pacto social pola vivenda agrupa outro tipo de medidas que, sen ser axudas, préstamos ou actuacións directas executadas pola Administración autonómica, tamén teñen unha incidencia positiva no sector residencial.

É o caso, por exemplo, da aplicación web *NextCal*, un simulador habilitado polo IGVS para facilitar á cidadanía a elección das axudas á rehabilitación enerxética que máis lle convén, a posta en marcha do rexistro de Informes de avaliación de edificios e outros avances normativos, como a substitución da licenza de primeira ocupación por unha comunicación previa para reducir a tan só 15 días o trámite, ou o impulso á elaboración da modificación do decreto das Normas de habitabilidade, que precisamente entrará en vigor o vindeiro 15 de outubro tras ser aprobado recentemente polo Consello.

En total e tendo en conta os avances acadados no período 2021-2022, as medidas incluídas no Pacto social pola vivenda de Galicia xa están executadas nun 89% e as restantes continúan en preparación co obxectivo de poder implementalas antes de que remate o ano 2025, complementando así os programas de axudas e as iniciativas actualmente en marcha e polos que a Xunta seguirá apostando.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 2 M€ A UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA PEMES E AUTÓNOMOS DIRIXIDA A NEUTRALIZAR A SUBA DE TIPOS DE XURO

- Rueda resalta que o obxectivo é facilitar o acceso á financiación do tecido empresarial e “garantir a viabilidade económica” dos proxectos en marcha
- Salienta que os potenciais beneficiarios serán as empresas e autónomos que teñan un préstamo do Igape cun tipo de xuro maior do 0% e variable e que se atope ao día nos pagamentos
- Os apoios consistirán na subvención de “ata 3,5 puntos nos tipos de xuro das operacións”
- Esta liña de axudas complementa os programas de reavais e préstamos directos que desenvolve cada ano a Xunta de cara a facilitar o acceso ao crédito ao tecido empresarial galego

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico lanza “unha nova liña de axudas” para que pemes e autónomos “poidan facer fronte a suba de tipos de xuro” experimentada “especialmente no último ano”. O programa estará dotado de preto de 2 millóns de euros e, segundo resaltou, busca “garantir a viabilidade económica” dos proxectos en marcha nun momento onde “o encarecemento de acceso ao crédito é un problema cada vez mais importante” para o tecido produtivo.

Tal e como explicou, estas achegas van dirixidas as pequenas ou medianas empresas e autónomos que teñan un préstamo do Igape con xuro por riba do 0% variable e que estean ao corrente nos pagos.

Cómpre salientar que aínda que o Igape conta cunha ampla carteira de operacións de préstamo, moitos dos cales concedidos a tipos fixos moi baixos ou a tipo 0 %, outro son con xuros variables en función do euríbor ou do tipo de referencia establecido.

Na actual conxuntura, coa suba dos tipos de referencia, prodúcese un aumento moi significativo das cotas para pagar polos titulares destes préstamos a tipo de xuro variable. Así mesmo, nas novas operacións a tipo fixo, o tipo de referencia determinado no momento da concesión resulta moi elevado.

Rueda salientou que para aliviar esta situación marcada polo mercado financeiro, a nova liña de axuda “subvencionará ata 3,5 puntos nos tipos de xuro das operacións”. Unha porcentaxe que será aplicada sobre o capital vivo de cada unha das operacións de préstamo, en cada unha das liquidacións periódicas. Deste xeito, o programa favorece a viabilidade económica das empresas e facilita a capacidade de reembolso dos préstamos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O presidente avanzou que todos aqueles interesados poderán solicitar a axuda ata o vindeiro 30 de novembro.

Outras actuacións

Esta liña complementa os programas de reavais e préstamos directos que desenvolve cada ano a Xunta de cara a facilitar o acceso ao crédito ao tecido empresarial galego. Neste sentido, e no marco da Axenda Financeira que está a desenvolver o Goberno galego, estanse a facilitar, un ano máis, operacións de investimento, circulante e garantías para pemes e autónomos galegos por importe de 60 millóns.

Así, ata o pasado 29 de setembro, artellouse un novo convenio de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca (SGR) e as entidades de crédito con modalidades de apoio consistentes na bonificación do tipo de xuro dos préstamos, na bonificación da comisión do aval, e no reaval do risco asumido polas SGR. E seguen en marcha, ata finais de ano, as liñas de préstamos directos para investimentos estratéxicos ou para infraestruturas de centros tecnolóxicos, as liñas para financiar a operativa da industria auxiliar naval ou os préstamos para o financiamento das empresas no actual contexto de incremento xeneralizado do custo das materias primas e da enerxía.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA O “ACORDO HISTÓRICO” SELADO ENTRE XUNTA E SINDICATOS PARA A MELLORA ESTRUTURAL DO SISTEMA EDUCATIVO QUE SENTA AS BASES DO ENSINO DA PRÓXIMA DÉCADA

- Subliña que recolle medidas enfocadas a afrontar os retos presentes e futuros na educación e continuar tendo un dos mellores sistemas públicos de España
- Destaca que se reducen as ratios de alumno por aula ao pasar dos 25 actuais aos 20 en Infantil e Primaria, dos 30 aos 25 en ESO e dos 33 aos 30 en Bacharelato
- Pon en valor que se mellora a atención á diversidade no caso dos alumnos con necesidades específicas de atención, xa que, para efectos de ratios, computarán por dous ou por tres en función do grao de dependencia acreditado
- No acordo redúcese o horario lectivo dos mestres de 25 a 23 horas á semana, o que sitúa a Galicia no grupo de cabeza das comunidades con menos horas
- Introdúcense melloras na carreira profesional docente con incrementos retributivos do 20 % nos complementos por formación e por funcións de titoría e de 60 euros máis ao mes por desempeñar funcións directivas
- Avánzase en medidas de conciliación establecendo a posibilidade de reunións telemáticas
- Elaborarase un plan de simplificación de tarefas burocráticas que permita unha maior dedicación do profesorado aos labores especificamente educativos

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, salientou o “acordo histórico” selado hoxe entre Xunta e sindicatos co obxectivo, segundo precisou, de levar a cabo unha mellora estrutural do sistema educativo que senta as bases do ensino da próxima década en Galicia.

“Temos moitos motivos para presumir da nosa educación pública”, defendeu Rueda, quen apuntou a que o alumnado galego é líder en competencia lectora ou científica, á vez que salientou que se conseguiu baixar a taxa de abandono escolar a mínimo históricos. “Pero non podemos conformarnos”, advertiu o presidente galego, quen insistiu no “paso importante” dado coa sinatura deste acordo entre Xunta e os representantes das organizacións sindicais CC.OO., Anpe e UGT-SP Ensino que foi levado ao Consello do Goberno galego para a súa ratificación de cara a incluílo nos Orzamentos do vindeiro ano.

O presidente da Xunta destacou que o acordo selado hoxe abrangue medidas estruturais do sistema, enfocadas principalmente a unha “atención máis excelente e personalizada” do alumnado, así como melloras das condicións do profesorado. Para isto, explicou que se pactaron melloras en cuestións como as ratios por aula, a atención á diversidade ou nas condicións laborais do profesorado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ratios por aula

Rueda considerou que un dos principais puntos do acordo é a mellora das ratios por aula. "Se queremos unha atención escolar máis personalizada, cómpre baixar o número de alumnos por clase", defendeu. Para iso, fíxase unha redución da ratio en todas as etapas educativas de xeito que na de Infantil e Primaria se pasa dos 25 alumnos/aula actuais aos 20 alumnos/aula. No caso da etapa de ESO, redúcese de 30 a 25 alumnos/aula, e no caso de Bacharelato, de 33 a 30 alumnos/aula.

O presidente precisou que esta redución vaise implantar de xeito progresivo comezando en 4º curso de Educación Infantil a partir do vindeiro 2024-25 e así sucesivamente nos cursos posteriores.

Non obstante, estas ratios xa van ter un efecto inmediato no conxunto do sistema a partir do próximo curso posto que, para efectos de crear ou suprimir unidades, sexan no curso que sexan, xa se van ter en conta as novas ratios.

Do mesmo xeito, apuntou que todas as aulas de Infantil e Primaria que teñan actualmente entre 20 e 25 alumnos xa non van incrementar o seu número con respecto ao que tiveron o curso anterior. E tamén garantiu que se oficializa que o alumnado repetidor computará para efectos de ratios, cuestión que xa se estaba aplicando na práctica desde a pandemia.

Con esta redución de ratios, Galicia sitúase no grupo de cabeza das comunidades autónomas con menos alumnos por aula. Cómpre subliñar que xa contaba cun menor número de alumnos por profesor (9,8 fronte á media de España de 11,4).

Atención á diversidade

O presidente salientou como outro dos puntos máis destacados do acordo o referido á atención á diversidade, un eido do que, segundo enxalzou, o Goberno galego "se sente orgulloso", xa que asegurou que o sistema educativo público galego é o "máis inclusivo de España".

En canto ás melloras neste eido, anunciou que os nenos e nenas con necesidades educativas van ter unha consideración específica a efectos de ratios por aula, o que supón consolidar unha mellor integración e atención escolar a estes alumnos.

Froito deste acordo, explicou que cada alumno e alumna con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %, ou cun grao I de dependencia acreditada ou cun trastorno grave de conduta acreditada, vai computar por dous a efectos de ratios na aula. No caso de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65 % ou cun grao II ou III de dependencia acreditada computará por tres a efectos de ratios.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Horario lectivo

Así mesmo, Rueda destacou que o acordo firmado hoxe cos sindicatos tamén inclúe melloras nas condicións laborais dos docentes, xa que os mestres de Infantil e Primaria verán reducido o seu horario lectivo a partir do próximo curso, “pasando de 25 a 23 horas lectivas á semana”, precisou. Isto incidirá directamente nunha mellor atención ao alumnado e ademais, desde xeito, Galicia sitúase no grupo de cabeza das comunidades con menos horas.

Ademais, no acordo inclúese un punto específico no que se empraza á negociación dunha nova regulación do horario lectivo da xornada de traballo o persoal funcionario e persoal laboral docente no momento en que se aborde unha xornada de traballo de 35 horas semanais para todo o persoal da Xunta de Galicia.

Carreira profesional docente

Tamén no que atinxe ao profesorado, o acordo aborda cuestións específicas para a consolidación dunha carreira profesional docente en que se prime a adquisición de competencias e a especialización para afrontar con éxito os retos de futuro en eidos como a innovación tecnolóxica nas aulas, a convivencia e o benestar.

O presidente tamén explicou que se establece un incremento de 60 euros mensuais no complemento por desempeño de funcións de goberno tales como dirección, secretaría, xefatura de estudos etc, así como para o persoal que realiza funcións de inspección. Trátase dun aumento lineal que se aboará en tres anos a razón de 20 euros acumulativos cada ano, que beneficiará tamén os responsables de centros pequenos con menos de tres unidades, algo especialmente relevante en zonas rurais, e a xefaturas de residencias, membros dos equipos de orientación específica ou asesores técnicos docentes, entre outros.

O mandatario galego tamén puxo en valor neste acordo a aprobación dun incremento mensual do 20 % do complemento específico que o profesorado recibe con base na súa formación permanente. Incentívase, deste xeito, esta práctica de actualización constante de coñecementos e destrezas que repercute nunha mellor atención ao alumnado. Segundo precisou, a suba realizarase ao longo de dous cursos, cun 10 % consecutivo máis en cada un deles.

Así mesmo indícase que, transcorridos seis anos desde a sinatura do acordo, requirirase que o profesorado teña acadado, como mínimo, o nivel B1 de competencia dixital docente. Para conseguilo, a Xunta comprométese a realizar unha oferta formativa suficiente.

Tamén se incrementa un 20 % mensual (repartido en dous anos) o complemento específico por desempeño de funcións de titoría; multiplícase por dous o importe das

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

axudas por formación que recibe o profesorado, e regularanse as licenzas de formación non retribuídas.

O presidente da Xunta salientou que con todas estas iniciativas de mellora das condicións laborais, o salario dun profesor poderá incrementarse ata un máximo de 2.300 euros anuais sobre o que que percibe a día de hoxe.

Melloras burocráticas e de conciliación

Rueda explicou que o acordo inclúe, finalmente, unha serie de medidas complementarias de carácter burocrático e enfocadas tamén á mellora da conciliación. Neste senso, este mesmo curso vaise constituír un grupo de traballo encargado de elaborar un plan de simplificación de tarefas burocráticas nos centros, o que permitirá unha maior dedicación do persoal docente ás tarefas estritamente educativas. Trátase dunha medida que, novamente, está enfocada á mellora da atención que recibe o alumnado

Así mesmo, establécese que os órganos de coordinación docente poidan realizar reunións telemáticas, sempre que así o decida o claustro ou o órgano convocante correspondente. Trátase dunha medida de flexibilidade que busca facilitar a conciliación dos traballadores do noso sistema educativo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ ATA 2026 UN TOTAL DE 43 M€ AO PLAN DE MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- O seu obxectivo principal é mellorar o importante servizo público que a Administración presta no medio rural galego
- O plan recolle, por un lado, os labores de reforma, adaptación e mellora da rede de oficinas rurais e, por outro, as intervencións en marcha e previstas nas instalacións asociadas ao dispositivo de prevención e defensa contra os incendios forestais e á Administración forestal
- En relación coas oficinas rurais, cómpre salientar que xa están construídas ou en marcha as de Ordes, Lugo capital, Verín e Lalín
- Con respecto ás infraestruturas de loita contra o lume forestal, o plan prevé unha profunda mellora das bases de unidades operativas (BUO) e o impulso as bases de medios aéreos
- Tamén se está a afondar no desenvolvemento do Centro Integral de Loita contra o Lume (CILL) de Toén, en Ourense, que centralizará nun mesmo punto a formación do persoal antiincendios
- Prevese rematar as obras da primeira fase deste centro de Toén neste ano 2023, así como tamén a base de medios aéreos transfronteiriza de Verín-Oímbra

O Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural 2021-2026 recolle un investimento total de 43 millóns de euros. O seu obxectivo principal é mellorar o importante servizo público que a Administración presta no medio rural galego. Así se explica nun informe sobre a evolución desta planificación que avaliou hoxe o Consello do Goberno galego.

Neste documento faise referencia, por un lado, aos labores de reforma, adaptación e mellora da rede de oficinas rurais e, por outro, ás intervencións en marcha e previstas nas instalacións asociadas ao dispositivo de prevención e defensa contra os incendios forestais e á Administración forestal. Neste último caso, trátase das bases de unidades operativas (BUO), as bases aéreas de prevención e defensa contra incendios, o Centro Integral de Loita contra o Lume de Toén e a Unidade Loxística Central da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Como balance deste plan, cómpre salientar que ao remate deste ano estarán comprometidos 19,3 millóns de euros do seu orzamento. Entre as obras máis avanzadas, destacan a primeira fase do CILL e as da base de medios aéreos transfronteiriza de Verín-Oímbra, que se prevé que estean finalizadas neste 2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En relación coas oficinas rurais, o informe pon en valor que a Xunta conta cunha ampla rede integrada por un total de 67 instalacións espalladas por todo o territorio. Para optimizar os traballos, o plan distingue entre as oficinas de maior tamaño e importancia e aquelas de tamaño medio e pequeno, en que non é necesario modificar o inmovible. Canto ás primeiras, actúase en catro oficinas -unha por provincia-. Son as de Ordes, Verín, Lugo capital e Lalín, que están xa construídas -nos dous primeiros casos- ou en marcha -pendente a licitación, no caso de Lugo, e a piques de finalizar o proceso de licitación da obra, no de Lalín-.

A continuación, nun seguinte chanzo, estarían as de Betanzos, Sarria, Meira, Xinzo de Limia, O Barco de Valdeorras e Pontearreas, que se atopan en diferentes fases de actuación. Logo quedarían as oficinas de tamaño medio e pequeno, en que non se considera necesario modificar o inmovible. Neste caso, ao longo do ano 2022 desenvolvéronse actuacións de reforma e mellora en 27 destas oficinas e no 2023 nun total de 28 destas sedes (nalgúns casos repítense as oficinas, xa que as obras tiveron continuidade no devandito período).

Infraestruturas contra o lume

En relación coas infraestruturas de loita contra o lume forestal, o plan prevé, en primeiro lugar, unha profunda mellora das bases de unidades operativas (BUO). Neste caso, para o deseño de novas infraestruturas, trabállase cun sistema modular eficiente, con materiais ecolóxicos e reciclables e cun papel moi protagonista da madeira galega de piñeiro e castiñeiro. Do conxunto das 69 bases operativas que prevé o plan en todo o territorio galego, establécense dous grupos segundo o enfoque. Por un lado, as instalacións que permanecerán e se renovarán, que serán arredor dun 79 % do total (unhas 54 sedes). Por outra banda, aquelas que serán renovadas completamente por nova construción ou rehabilitación total. Neste caso, trátase do 21 % restante, é dicir, unhas 15 sedes.

En cumprimento destas previsións, actúase xa na construción de tres novos BUO en Muíños, Rianxo e Mondoñedo, así como na reforma e adecuación dunha nave industrial en Verín. Así mesmo, trabállase tamén na recuperación de oito bases preexistentes na Fonsagrada, Quiroga, Monterroso, As Pontes, Dumbría, Ames, Castro Caldelas e Petín.

Con respecto ás bases de medios aéreos, o plan pon en valor que estas instalacións son un factor clave para a optimización na resposta ante a ocorrencia dun incendio. Neste sentido, constata que avanza a bo ritmo as obras da base transfronteiriza en Verín-Oímbra, que será utilizada por seis aeronaves de carga en terra, podendo operar tamén un avión anfíbio tipo Canadair 215, e que contará tamén cun heliporto con capacidade para catro aparellos. Ademais, trabállase tamén na construción e adecuación da base de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

San Xoán de Río. Contará con dous espazos diferenciados; un para brigadas de prevención e defensa contra incendios e outro para pilotos de helicópteros.

Centro de Toén

No plan tamén se aborda o desenvolvemento do Centro Integral de Loita contra o Lume (CILL) de Toén, en Ourense. Estas instalacións centralizarán nun mesmo punto a formación do persoal dedicado á loita contra os incendios forestais. Será, ademais, un centro permanente para a cooperación, a investigación e a formación continua do cal se poderán beneficiar bombeiros forestais procedentes de toda Europa. Así mesmo, contará cunha aula medioambiental para formar estudantes de distintos puntos de Galicia, co fin de concienciar a sociedade sobre o traballo dos bombeiros forestais como protectores do monte.

Das tres fases en que se estrutura esta iniciativa, a primeira, referida ás instalacións, está xa avanzada e prevese completala este ano. As outras dúas centraranse na execución dunha área agroforestal e horta solar e na xestión forestal sustentable. Así, trabállase na rehabilitación do antigo edificio da lavandaría do clausurado hospital psiquiátrico, co fin de convertelo nun centro administrativo e de formación de brigadas forestais.

Outra das infraestruturas recollidas neste plan é a Unidade Loxística Central da Dirección Xeral de Defensa do Monte, un centro e taller mecánico centralizado para parte do parque móbil deste departamento. A obra, que se sitúa no polígono industrial de Botos, en Lalín, está xa finalizada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A FROTA GALEGA QUE FAENA EN AUGAS DE NAFO PODERÁ CAPTURAR O ANO PRÓXIMO MÁIS BACALLAU E CABRA, PERO VERÁ DESCENDER OS TOPES DE CAPTURAS PARA O FLETÁN

- As pescarías do Atlántico Noroeste son moi importantes para os armadores do sur de Galicia, debido a que permiten traballar de forma exclusiva nesas augas a unha media de 14 buques con porto base en Vigo, Cangas e Marín
- Nestes arrasteiros conxeladores e bacaladeiros traballan de forma directa uns 200 profesionais e xeran, ademais, un número considerable de postos indirectos
- Na reunión anual de NAFO celebrada na cidade olívica tamén se reforzou a protección dos observadores pesqueiros e as normas laborais dentro da área da organización

A Consellería do Mar presentou hoxe ao Consello da Xunta o informe en que se abordan os principais resultados da 45ª reunión anual da Organización de Pesqueiras do Atlántico Noroeste (NAFO) celebrada a finais de setembro en Vigo, fundamentalmente naqueles aspectos de especial interese para a frota galega e as especies que captura, como son o bacallau, a cabra, o fletán negro, a raia, a pescada ou o mendo. Este análise destaca que unha das mellores noticias para o sector en Galicia foi que case se duplicou o bacallau que poderán pescar o ano próximo na principal área de NAFO onde operan os barcos da comunidade. Das case 12.000 toneladas totais preto de 5.600 son para buques da UE, principalmente galegos.

Tamén foi moi positivo un aumento da cabra que chegou a ser do 57 % nalgunhas das subáreas de pesca en NAFO, un aumento de miles de toneladas tamén de grande interese para a frota galega, pois a pesqueira desta especie constitúe un stock importante pola xeración de volume de capturas e a sustentabilidade das mareas de pesca.

En canto ao fletán negro, o informe a redución aproxímase ao 26 % con respecto ao ano 2023, pasando de 15.153 a 11.228 toneladas. Esta caída é o resultado dunha regra de explotación que aplica un recorte matemático cando os datos biolóxicos non están completos, debido a que Canadá retirou un buque oceanográfico que recollía esta información antes da entrada en servizo do seu substituto. De feito, o sector considera que o estado de recurso permitiría incrementar as súas capturas.

En canto ao resto de especies de interese para Galicia en NAFO, a raia mantivo para 2024 o mesmo volume de totais admisibles de capturas (TAC), ao igual que pasou coa pescada ou brótola. Por último, o mendo ou coreano tivo un lixeiro incremento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Importancia da actividade

As pescarías do Atlántico Noroeste son moi relevantes para a frota galega, debido a que permiten traballar, de forma exclusiva, unha media de 14 buques con porto base en Vigo, Cangas e Marín. Son embarcacións que proceden tanto do censo de frota de arrasteiros conxeladores de NAFO como do censo da frota bacalleira.

Nestas augas conseguiuase consolidar na actualidade un caladoiro estable e ben xestionado cunha eficiencia que permite manter, en termos de emprego en Galicia, uns 200 traballadores directos e a un número considerable de postos indirectos.

No encontro de NAFO celebrado en Vigo tamén se abordaron outras cuestións de relevancia como a análise do impacto do cambio climático, ademais de traballar para o reforzo da protección e a independencia dos observadores pesqueiros e adoptar unha resolución non vinculante de principios básicos sobre normas laborais nas súas pescarías.